

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 25 DE FEBREIRO DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES.-

976/07.- Exclusivas Centauro, S.L.- Nave sen uso na parcela B-11 do SUNP-34 de Boisca.-

582/07.- Distrisantiago, S.A.- Nave e apertura (**Lap/219/07**) de comercio por xunto de máquinas e material de oficina, nas parcelas 29-30 do SUNP-34 de Boisaca.

261/06.- Antonio Neira y Otros, C.B.- Nave e apertura (Lap/61/06) para adicala a encuadernación na parcela B-8 no SUNP-34 de Boisaca.-

1841/01.- Sonia Roel López.- Legaliz. De cambio de emplazamento de edificación sita no Lugar de Queiroal, Parroquia de Santiago Apóstol.-

1610/06.- Calefacciones Simón, S.L.- Nave e apertura (**Lap/324/06**) de almacén de material de fontanería no SUNP-34, par4celas B-44 e B-45.-

CAMBIO DE USO.-

228/08.- Cosbreixo, S.L.- Cambio de uso da planta baixa da edificación executada na Rúa da Estrada (+).-

PRÓRROGA.-

2384/07.- Isabel Cecilia Calzadilla Pereira.- Viv. unif. en San Martiño de Aríns, parcela 885 (+).-

604/07.- Gestiones Urbanísticas y Medioambientales, S.L.- Derruba edificacións existentes nos números 4, 6 e 8 da Rúa Amor Ruibal (+).-

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

66/08.- Jesús Manuel Álvarez Flórez.-Expte....1420/04.....4.000 €.-

68/08.- Antonio Rodríguez Rodríguez.-Expte...1566/04.....4.300 €.-

77/08.- Mª Carmen Rios Panisse.-Expte..2203/03.....1.500 €.-

2519/07.- Maexpa Grupo Inmobiliario, S.L..... Expte....1431/07.....12.000 €.-

2669/07.- Teresa Agustina García Suárez...Expte..1414/01.....504.000 ptas ..(3.029,10 €).-

57/08.- Mª Carmen Orosa Calveiro.-Expte.....2232/04.....3.000 €.-

2483/07.- Mª Carmen Pombo López.....Expte....21/01.....320.000 ptas ... (1.923,24 €).-

2323/07.- Lucio Juana Rarís García.....Expte...1339/96.....500.000 ptas..(3.005,06 €).-

1264/06.- Juan José García Barreiro.....Expte...463/04.....1.500 €.-

SUBSANACIÓN ERRO ACORDO X.G.L DE DATA 28 DE XANEIRO DE 2008.-

2534/07.- María Suárez Blanco.- Parcelación urbanística da parcela 129 de concentración de San Martín de Laraño.-

APERTURAS.-

Lap/165/07.- Jesús Peón y Gabriel Otero S.C.- Apertura de Pub en R/ Mazarelos núm.4-5, Baixo.-

Lap/315/07.- Gerosalud, S.L.- Apertura de clínica médica e de fisioterapia en Rúa Pintor Xaime Quesada núm.2, 4, Baixo.-

Lap/296/05.- Hermanos Recio, S.L.- Apertura de droguería e perfumería en Rúa Santiago del Estero núm.5-abaixo.-

OCIHR

LICENZAS

LIC/669/2007.- VERDE URBAN GALICIA S.L.- Rehabitación de edificio para tres vivendas no Rueiro de Figueiriñas nº 27.-

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

LIC/ 2717/2007.- LUIS SOTO AMIL.- Devolución de fianza por posibles danos (LIC/973/2005).- Na Rúa Pelamios nº 28.-

DISCIPLINA.-

DIS/1049/2007.- desestimación de alegacións da resolución de expediente sancionador por infracción á ordenanza local de ocupación vía pública con mesas e cadeiras.

DIS/1055/2007.- desestimación de alegacións da resolución de expediente sancionador por infracción á ordenanza local de ocupación vía pública con mesas e cadeiras.

4.- Propostas de desestimación de alegacións contra a imposición de sancións por infraccións á ordenanza local reguladora da ocupación de vía pública con mesas e cadeiras.

5.- Recepción de obras.

6.- Informes en expedientes de actividades clasificadas.

7.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Concédese unha axuda para gastos de comedor escolar a unha familia.

8.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbanse inicialmente axudas para elementos especiais de madeira para catro vivendas por un importe total de 4.855 euros.

9 a 83.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica e no imposto sobre bens inmobles.

Concéndense os devanditos beneficios.

84.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa ao apoio do Concello a un proxecto empresarial.

Acórdase apoiar o proxecto empresarial SISEL como iniciativa local de emprego.

85.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á sinatura do convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Vigo e o Concello, para a realización de prácticas polo alumnado.

Apróbase a sinatura dun convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Vigo e o Concello para a realización do Practicum II e III dos alumnos/as de Santiago de Compostela matriculados no devandito campus que cursan estudos de Traballo Social e Educación Social.

86.- Propostas do concelleiro delegado de Mercados relativas ao traspaso-cesión de casetas do Mercado de Abastos.

Autorízase a cesión dunha caseta.

87.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á solicitude de cesión ao BANTEGAL da masa común número 429 da concentración parcelaria de Nemenzo-Marantes para a implantación nela dunha depuradora de augas residuais.

Acórdase iniciar os trámites de solicitude de cesión ao Bantegal da masa común número 429 da concentración parcelaria de Nemenzo-Marantes, onde se ubicará a depuradora de augas residuais.

88.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á solicitude da FEGAMP sobre aclaración ou modificación do apartado 2 da cláusula sétima (referida á constitución de hipotecas) da concesión demanial outorgada pola Xunta de Goberno Local do 26 de novembro de 2007, sobre parte da parcela EQ (SUPNP-4, Cancelas) para implantar nela a súa sede.

89.- Proposta dos concelleiros delegados de Infraestructuras e Mobilidade relativa ao traslado ao Consello consultivo de Galicia do expediente de AT para a redacción do proxecto executivo da nova sede de Bombeiros en Salgueiriños.

Acórdase resolver, por causa imputable ao contratista, o contrato de elaboración do proxecto básico e de execución e da dirección da obra da nova sede de bombeiros, suscrito con Alberto Noguerol del Río. Tamén se acorda resolver por mutuo acordo o contrato da execución das obras, suscrito coa empresa EXTRACO, SA, procedendo á recepción e liquidación das executadas con arreglo ás instrucións do director da obra, na interpetración que deu ao proxecto. Así mesmo, trasládase o precitado expediente ao Consello Consultivo para a emisión do seu preceptivo informe.

90.- Decreto da alcaldía relativo á responsabilidade patrimonial dunha empresa.

Declárase a inexistencia de responsabilidade patrimonial do Concello de Santiago polos danos materiais nun vehículo causados por un sumidoiro sen tapa e atribúese a responsabilidade á empresa AQUAGEST, que aboará ao indemnizado a cantidade de 468 euros.

91.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo corporativo de telefonía fixa para envío de voz do Concello de Santiago de Compostela.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas, así como o inicio do expediente para a citada contratación, por concurso e procedemento aberto fixando un tipo de licitación de 165.000 euros anuais e unha duración de dous anos con posibilidade de prórroga por dous anos adicionais.

92.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo Corporativo de telefonía móbil do Concello de Santiago de Compostela.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas, así como o expediente para a citada contratación por concurso e procedemento aberto, fixando un tipo de licitación de 93.500 euros anuais e unha duración de dous anos prorrogable por outros dous.

93.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo Corporativo de Transmisión de Datos do Concello de Santiago de Compostela.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas, así como o expediente para a citada contratación por concurso e procedemento aberto, fixando un tipo de licitación de 34.000 euros e unha duración de dous anos prorrogable por outros dous.

94.- Servizo de preparación física e entramento do persoal de bombeiros e Policía Local do Concello.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo máximo de licitación de 26.000 euros.

95.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo relativa á aprobación do programa "Xornadas Teórico-Prácticas sobre a innovación" destinadas ao sector comercial do Concello de Santiago.

Apróbase a realización e inicio da execución do programa "xornadas teórico-prácticas sobre innovación" destinadas ao sector comercial do Concello de Santiago e das contratacións menores para a súa execución.

96.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do Programa de concertos didácticos de música tradicional nos centros escolares.

Apróbase un orzamento de 11.990 euros para a realización do programa de música tradicional nos centros escolares de primaria e secundaria de Santiago.

97.- Proposta do concellerio delegado de Cultura relativa á solicitude da inclusión do Concello no programa LETRAS VIVAS CREACIÓN, e unha subvención á Consellería de Cultura.

Acórdase solicitar a inclusión do Concello de Santiago de Compostela no programa Letras Vivas Creación, así como unha subvención á Consellería de Cultura e Deportes por importe de 2.875 euros para levar a cabo o programa proposto pola dirección dos centros socioculturais.

98.- Proposta do concelleiro delegado de Cultura relativa á solicitude da inclusión do Concello no programa LETRAS VIVAS ANIMACIÓN, e unha subvención á Consellería de Cultura.

Acórdase solicitar a inclusión do Concello de Santiago de Compostela no programa Letras Vivas Animación, así como unha subvención á Consellería de Cultura e Deportes por importe de 7.592 euros para levar a cabo o programa proposto pola dirección dos centros socioculturais.

99.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á revisión das tarifas das instalacións do multiusos Fontes do Sar e o complexo deportivo de Santa Isabel para 2008.

Acórdase a revisión das tarifas, que se incrementan nun 4,2%.

100.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á solicitude á Deputación Provincial da Coruña dunha subvención para os servizos sociais e políticas de igualdade entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero.

Acórdase solicitar á Deputación Provincial, ao abeiro da convocatoria de subvencións dirixida aos concellos para desenvolvemento de servizos sociais e políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2008 por importe de 35.971 euros.

101.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación dunha reserva de crédito para sufragar o desenvolvemento dun programa sobre responsabilidade dos Menores.

Acórdase unha reserva de crédito por importe de 1.350 euros para sufragar os gastos do devandito programa.

102.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento por realización de servizos extraordinarios/gratificacións e plus de transporte.

Apróbase un total de 71.277 euros para o aboamento de horas extraordinarias e 2.582 para plus de transporte a persoal municipal.

URXENCIAS

- Acórdase solicitar á Deputación da Coruña unha subvención ao abeiro dos anuncios de convocatoria de programas dirixidos aos concellos para actividades de promoción económica, de apoio ao deporte e á cultura. O total da subvención solicitada ascende a 210.060 euros.

- Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación dunha auditoría para a inspección e verificación do funcionamento dos contenedores soterrados para a recollida de residuos sólidos urbanos, por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 30.000 euros.